



**ASISTENTES:**

Alba Castro, José Luis  
Alberto Pivida, Rodrigo  
Álvarez Moreira, José Angel  
Álvarez Zurbano, Jenifer  
Arévalo Tomé, Raquel  
Bajo Palacio, Ignacio  
Barbosa Losada, Víctor  
Bareiro Alonso, Enrique  
Blanco Losada, Iago  
Blanco Sierra, Javier  
Boente Antela, Brais  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Carballo González, M<sup>a</sup> De Los Angeles  
Carballo Rial, Rosa  
Caride Álvarez, Celso  
Cebre Rodríguez, Xoán Manuel  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Rodríguez, Tania  
Conde Casas, Sofía  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Couriago Méndez, Práxedes  
Cuevas Alonso, Miguel  
Culiñas Gómez, Iñigo  
Díaz Casaleiro, Tomás  
Diéguez Quintas, José Luis  
Dominguez Dominguez Miguel Adolfo  
Expósito González, Benedicta  
Fariña Rodríguez, José  
Fariñas Álvarez, Iván  
Fernández Acevedo, Rafael  
Fernandez Fernández, Federico A.  
Fernandez Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández Manin, Generosa  
Fernández Mato, Soñía  
Fernandez Pintelos, Maria Jose  
Fernández Riverola, Florentino  
Fernández Souto, Ana Belén  
Ferro Soto, Carlos  
Fraiz Brea, José Antonio  
Franco Matilla, María Inmaculada  
Freijeiro González, David  
Gándara Pérez, Jose Antonio  
García Estevez, José Manuel  
García Señorán, M<sup>a</sup> Del Mar  
García Soidán, José Luis  
Gómez Meire, Silvana  
Gómez Rodríguez, Alma Maria  
González Cerdeira, Julia  
González López, Sixto  
González Varela, Luis  
Graña Rodríguez, Ana María  
Hidalgo Robatto, Beldiana Marecla  
Iglesias Blanco, Raúl  
Llamas Nistal, Martín  
Lopez Pais, Cristina  
López Periago, José Eugenio  
López Puiga, Beatriz  
López Riveiro, Fernando  
Lopez Rodríguez, Andrea  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
Macías Cambra, Henrique  
Macías Moreira, Pablo  
Mato De La Iglesia, Salustiano  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Miguez Miramontes, Jesús Manuel  
Moldes Pita, Oscar  
Mollinedo Lois, Carlos  
Nieto De Ávila, Iria María  
Novoa Fernández, Yolanda  
Otero Fernandez, Javier  
Patiño Cambeito, Faustino  
Patiño Vilas, David  
Pato Rodríguez Santiago Eduardo  
Paz López, José  
Pena Uris, Glona M.  
Peña Gallego, Angeles  
Pérez Coia, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 6 de maio de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda no Salón de actos “Marie Curie” do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

O día 6 de maio de 2016, ás 10:50 h, celebrouse a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 14 de decembro de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Emisión de informe preceptivo acerca do cambio de denominación de Enxeñaría Minas.
4. Elección do Defensor Universitario.
5. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
  - a. Sector PDI-A: 2
  - b. Sector PDI-B: 2
6. Elección de 2 representantes do alumnado na Mesa do Claustro.
7. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:
  - a. Sector Decanos/Directores: 2
  - b. Sector Estudiantes: 8
8. Elección de 1 representante do PAS na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.
9. Elección de 3 representantes do alumnado na Comisión Electoral.
10. Elección dos seguintes representantes da Comisión de Plans Estratégicos:
  - a. Sector PDI-A: 2
  - b. Sector Estudiantes: 1
11. Rogos e preguntas.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Pérez Gómez, Luis  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Pérez Sanmamed, Víctor  
Pino García, Antonio  
Prieto Jiménez, Inmaculada  
Quintás Graña, Camilo  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rey Losada, Francisco Jesús  
Rios Santomé, María José  
Rivas Conde, Filemón  
Rivera González, Paula  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rodríguez Pato, M<sup>a</sup> Del Carme  
Rodríguez Rajó, Fco. Javier  
Rodríguez Varela, Diego  
Rodríguez Vázquez, Virgilio  
Sánchez Moreiras, Adela M.  
Santos Reyes, Valentín  
Serrano Hernández, Antonio  
Sifro Vázquez, Carmen  
Silva Alonso, M<sup>a</sup> Del Pilar  
Siota Álvarez, Mónica  
Sobriño Rodríguez, Aurora  
Tellado Álvarez, Teresa  
Tugores Martorell, Francisco  
Vázquez Donio, José Benito  
Vázquez Fernández, Roberto  
Vázquez Otero, Elsa  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto  
Zulaica Iglesias, Olivia

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

Allegue Aguete, Pilar  
Alonso Vega, Flora  
Arias Acuña, Alberto Marcos  
Arias González, Felipe  
Baltisch, Burghard  
Barajas Alonso, Angel Antonio  
Basalo Domínguez, David  
Bergantiño Cid, Gustavo  
Blanco Pesqueira, Antonio  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa  
Conde Casas, Sofía  
Costa González, Alicia  
Couriago Méndez, Praxedes  
Cristóbal Ortega, María Julia  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Doval Avendaño, M<sup>a</sup> Montserrat  
Durán Vázquez, José Francisco  
Falagán Mota, Jorge  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Jáuregui, Manuel  
Ferreiro Vázquez, Oscar  
García Bugarín, Mercedes  
García González, Marta  
García González, Silvia  
García-Pintos Escuder, Adela  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
Gutiérrez Sánchez, Águeda  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Legido Soto, José Luis  
López Lage, Marcos  
López Pérez, Luis  
López Sánchez, Oscar  
Louveira Pazó, Rosa M<sup>a</sup>  
Lugo Latas, Luis  
Mandado Vázquez, Alfonso  
Martínez Martín, María José  
Meixus Touris, Melissa  
Mohamed Falcon, Kais Jacob  
Pérez Juste, Ignacio  
Picos Martín, Juan  
Pita Grandal, Ana  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Porto, Benjamín  
Posada González, David  
Pou Saracho, Juan  
Ramallo Fernández, Fernando  
Rodríguez Barcia, Susana

O reitor dá a benvida aos novos membros do Claustro Universitario, representantes do sector Estudiantes, que foron elixidos na votación celebrada o pasado día 4 de abril. Neste proceso electoral foron convocadas as 75 prazas deste sector (30% do Claustro) e foron elixidos 44 representantes, que pasan dende hoxe a formar parte deste Claustro por un período de dous anos. Como consecuencia desta renovación é necesario facer eleccións de representantes de estudantes na Mesa do Claustro, Consello de Goberno e Comisión Electoral. Estas eleccións se suman ás do Defensor Universitario, representantes no Tribunal de Garantías, Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos e Comisión de Plans Estratégicos. Indica que nalgúns destes procesos non son necesarias as votacións, xa que o número de candidaturas presentadas é inferior ao de prazas. Para facilitar a realización das votacións, nos outros casos a Mesa do Claustro acordou que o proceso electoral pode comezar dende o inicio da sesión do Claustro, ao chegar aos puntos correspondentes realizarase unha parada de 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaran o poidan facer.

Indica a continuación as eleccións que hai que realizar:

Elección do Defensor Universitario, na que poden votar todos os claustrais. Lembra que, segundo o artigo 143.3 dos Estatutos, é preciso que o candidato acade unha maioría dos 2/3 dos presentes. Único candidato: profesor D. Argimiro Rojo .

Elección representantes no Tribunal de Garantías: os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

Representantes do PDI-A: Lembra o reitor que quedan 2 postos vacantes, e que só poderá votar o profesorado do sector PDI-A, como máximo a 2 candidatos ou candidatas. As candidaturas presentadas son:

- Coral del Rio Otero
- Francisco Jesús Rey Losada

Representantes do PDI-B: Hai 2 postos vacantes. Só poderá votar o profesorado do sector PDI-B a un máximo de 2 candidatos ou candidatas. As candidaturas presentadas son:

- Maruxa Álvarez Jiménez
- Xoán Manuel Garrido Vilariño
- Miguel González Loureiro



Rodríguez de Prado, Francisco  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Soane Posse, Elena Celsa  
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique  
Vallejo Peusada, Rafael  
Vaquero Díaz, Beatriz  
Vázquez Vicente, Xosé H.  
Velasco Graña, M<sup>a</sup> Rita  
Vila Alonso, Mercedes  
Villanueva Peón, Daniel

Elección de representantes no Consello de Goberno: No sector Decanos/Directores hai 2 vacantes. Poden votar todos os claustrais, podendo votar como máximo a 1 candidato ou candidata. Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Natalia Caparrini Marín
- Santiago Gómez Fraiz
- Jesús Manuel Míguez Miramontes

Engade o reitor que neste sector tamén presentaron a súa candidatura: o prof. Arno Formella, que vén de presentar a súa renuncia, dada a súa condición de director comisario e D. Francisco Javier Rodríguez Martínez, que foi rexeitada, xa que no momento de presentala non era aínda director, xa que foi nomeado director da Escola Superior de Enxeñaría Informática o día 5 de maio, e o prazo de presentación de candidaturas remataba o día 4 de maio, ás 14 horas.

No sector estudantes para o Consello de Goberno hai 8 vacantes. Só poden votar os estudantes á un máximo de 6 candidatos ou candidatas, das cales soamente 3 poden ser do mesmo xénero. As candidaturas presentadas son:

- José Angel Álvarez Moreira
- Víctor Barbosa Losada
- Tomás Díaz Casaleiro
- Bettiana Marcela Hidalgo Robatto
- Beatriz López Puga
- Andrea López Rodríguez
- Paula Rivera González
- Diego Rodríguez Varela
- Ernesto Vázquez-Rey Farto

Á vista das candidaturas presentadas, D. José Angel Álvarez Moreira retira a súa candidatura, polo que non é necesario realizar as votacións.

Informa tamén o reitor de que a Mesa do Claustro acordou, antes do comezo da sesión, que a duración das intervencións sexa de 5 minutos na primeira rolda e 2 minutos na quenda de réplica. Para determinar a letra de ordenación das intervencións realizouse un sorteo, saíndo a letra "P".

Finalmente, indica que Dna. Natalia Caparrini, directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, foi invitada a participar nesta sesión do Claustro Universitario, con voz pero sen voto, para intervir no punto 3 da orde do día. Un total de 54 claustrais escusan a súa ausencia da sesión de boxe.

#### **Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 14 de decembro de 2015.**

Non se recibiron alegacións á acta, polo que apróbase por asentimento.

#### **Punto 2.- Informe do reitor.**

A continuación o reitor informa dalgúns dos aspectos máis salientables acontecidos dende o Claustro anterior. Comeza por salientar dúas actuacións que gardan unha conexión directa co Campus e a cidade de Ourense:

- Dá conta de que está a piques de rematar a adxudicación das obras do edificio para dotar de sede ao Campus da Auga e que no día de hoxe vaise realizar a presentación dos proxectos finalistas e o proxecto gañador do concurso, ás 16.00 horas na Sala Emilia Pardo Bazán do Edificio de Facultades.
- Destaca tamén a presentación do Programa de doutoramento “Auga, sustentabilidade e desenvolvemento” que constitúe un dos obxectivos contemplados no plan estratéxico do Campus da Auga, que se constrúe coa colaboración das seis áreas de especialización do Campus da Auga e coa participación de todos os departamentos do Campus de Ourense.
- Así mesmo, informa da implantación do novo Grao de Enxeñaría Aeroespacial co informe de aprobación definitivo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia á memoria de título. Este grao, que foi presentado o martes 19 de abril, comezará a impartirse o vindeiro curso académico 2016/2017 no campus de Ourense e potenciará sen dúbida o tecido empresarial e produtivo galego. Subliña o reitor que neste camiño colaboraron moitas persoas e entidades, entre as que destaca ao prof. Jose Antonio Vilán, que se encontra recuperándose despois dun atropelo moi grave. Esta titulación, que constará de 240 créditos repartidos en catro cursos académicos, vai ser impartida na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, que xa conta con director comisario, o Dr. Arno Fornella. Explica que se ofertarán 50 prazas e os estudantes poderán especializarse realizando nos dous últimos cursos a mención en Aeronaves ou a mención en Equipos e Materiais Aeroespaciais.
- Vinculado con este ámbito, destaca tamén os avances relacionados coa Fundación Centro Innovación Aeroespacial. Cinco meses despois da súa constitución, o CINAIE xa dispón dun espazo para desenvolver a súa actividade. No edificio situado no Porto do Molle, e inaugurado hai un mes, a Zona Franca de Vigo cede a utilización dun espazo a Universidade, inicialmente para a sede institucional da Fundación, pero que irase ampliando progresivamente para a situación dos laboratorios, unha parte para incubadora de empresas, outra parte de co-working. Para iso xa participa o CINAIE na convocatoria Interreg do programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP, cun proxecto de 4 M€ para levar a cabo as instalacións. Engade o reitor que se está a traballar na contratación do seu director xeral, cargo para o que se pretende contar cunha persoa de responsabilidade, vinculada á Axencia Espacial Europea, ESA, e para o que se está a negociar coa axencia para contar con un dos seus investigadores. O organigrama directivo do Cinaie completárase cun director de proxectos aeronáuticos, se fará unha chamada pública para cubrir esta dirección, para o que se procura unha persoa experta no mundo da empresa e con experiencia no sector aeronáutico e un director de proxectos espaciais, cargo que sería desempeñado polo director da Agrupación Aeroespacial da Universidade de Vigo, Fernando Aguado. Na actualidade, finaliza estase redactando o convenio específico para poder realizar dita adscrición.

Prosegue o reitor informando acerca das actuacións do Campus de Pontevedra, no que destaca a presentación do programa de doutoramento transversal e multidisciplinar: “Creatividade e innovación social e sustentable”, desenvolvido no marco do proxecto de especialización CREA S2i. A nivel de infraestruturas, salienta a próxima cesión de espazos no edificio Benito Corbal, antiga sede da delegación da Xunta de Galicia. Un total de 1700 m<sup>2</sup> que serán empregados para proxectos vencellados co proxecto de especialización do Campus Crea, incluíndo a sé institucional do mesmo, así como espazos transversais para actividades globais do campus. Dá conta tamén da constitución da Comisión Mixta de seguimento do Convenio Marco coa Deputación de Pontevedra asinado en decembro, dos grupos de traballo e do inicio das primeiras actuacións.

Informa a continuación da aprobación do acordo co Concello de Pontevedra, que suporá a bonificación do 95% no pago do Imposto sobre Bens Inmóveis. Destaca a importancia deste feito, porque polos cambios normativos as universidades pasaron de non ter obrigas impositivas, a ter que realizar pagos moi importantes. As interpretacións en sentenza xudicial dá a razón aos concellos, por iso, é importante a sensibilidade dos concellos nos que se sitúa a Universidade para realizar exencións ao considerala un ben estratéxico e un servizo público. E así o considerou o Concello de Pontevedra. En Ourense, a situación é

favorable á exención para a Universidade, aínda que é necesario actualizar as referencias catastrais, situación ligada a algúns problemas urbanísticos neste concello. Segue pendente o arranxo na situación do Concello de Vigo.

En relación co Campus do Mar, informa o reitor que, tras acadar en decembro o selo de excelencia internacional definitivo de maneira permanente tras pasar os 5 anos de proxectos e avaliación, estamos ante un fito importante que pode supoñer un salto cualitativo, xa que estamos a piques de lograr unha sede institucional para este Campus, en canto o pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo aprobe a cesión de terreos da antiga ETEA. Despois, asinarase un convenio para a cesión da Xunta de Galicia e a Zona Franca, e posteriormente a cesión desta á Universidade. Explica o reitor que nunha primeira fase a actuación centrarase na parcela na que se localizan os edificios Siemens e Faraday, para desenvolver, no primeiro caso, o Centro de Innovación Gastronómica (proxecto BROA) no que se mesturan a restauración co centro de innovación e, no Faraday, a Escola de Emprendemento Empredemar, e a sede corporativa de Campus do Mar. Nunha segunda fase, abordaranse noutra parcela as unidades de tecnoloxías avanzadas mariñas, no que se desenvolverá o Centro Atlántico de Investigacións Mariñas, a Unidade de Tecnoloxías Mariñas e a Unidade de Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos Mariños, ademais dunha base de buques oceanográficos no peirao do vello recinto da Armada en Teis.

Proseguindo co seu informe, o reitor refire diversas actuacións, a nivel xeral da Universidade, que teñen que ver cos estudantes e o emprendemento:

- O impulso que se están a dar ás bolsas, a pesar da crise, destaca que a Universidade destina este curso algo máis de 256.00 euros ás bolsas comedor e arredor de 120.000 ás de inicio de máster, destinados a garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, independentemente do poder adquisitivo das súas familias. As bolsas de inicio de mestrado, se establecen como axudas a todos aqueles alumnos e alumnas que decidiron matricularse nun máster oficial e non cumprían os requisitos para acceder ás bolsas do ministerio. Explica que este ano abríronse a todo o estudantado, xa que anteriormente estaban moi vencelladas á investigación e só podían acceder a estas axudas aqueles estudantes vinculados a grupos de investigación.
- Impulso da internacionalización, estanse deseñando bolsas para potenciar o estudo de idiomas, xa están comezando as negociacións co alumnado.
- En relación co emprego, refire que, a raíz da Feira Internacional de Emprego de 2016, na que participaron as universidades de Porto, Vigo e Trás-os-Montes e Alto Douro, asinou-se un convenio de colaboración que permitirá poñer en marcha dúas feiras presenciais en novembro en Porto e outra virtual que está en marcha.
- No eido do emprendemento, informa da celebración a finais de abril e cun gran éxito a semana internacional International Administrative and Teaching Staff Training Week organizada pola Área de Emprego e Emprendemento e a Oficina de Relacións Internacionais que permitiu poñer en valor o que se está a facer na eurorexión, a nivel de preparación do estudantado para o mundo laboral.
- E nesta liña a Universidade de Vigo consolida a súa liña INCUVI, coa concesión e novos 14 premios:
  - 12 son propostas novas (4 delas de Ourense, 2 de Pontevedra e 6 de Vigo), dentro do INCUVI-EMPRENDE, que se impulsarán nos espazos de preincubación dos tres campus,
  - e as outras 2 gañaron a fase de consolidación, dentro da primeira convocatoria INCUVI-AVANZA.
- Por último, en relación co estudantado, informa do proceso de elaboración da Normativa permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios desta Universidade. A proposta foi debatida e negociada cos representantes do estudantado, e foi

difundido entre os servizos da universidades, para realizar as achegas oportunas de carácter técnico e na actualidade está comezando a ser tratada cos decanatos e direccións dos centros. Estamos na fase de lograr esta retroalimentación. Confiamos que en breve poida ser presentada diante dos órganos de goberno para a súa aprobación.

Informa o reitor dos acordos tomados na Asemblea Xeral da CRUE, do pasado 16 de marzo, na que se aprobou con 64 votos a favor, 2 en contra e 5 abstencións, facer vinculante a moratoria acordada en o 2 de febreiro de 2015 de non impartir graos de tres anos de titulacións xa existentes ata o curso 2017/2018. Os casos dubidosos serán tratados en comisión. Lembra que a posición dos reitores o ano pasado foi posicionarse en contra do decreto 3+2, pero o Goberno desoíu este acordo. Dado que o decreto permite a non aplicación, as universidades acordaron a moratoria á espera dun estudo real tras os procesos de acreditación das titulacións 4+1, dado que o proceso de avaliación non concluíu. Nese ano, continúa, modificáronse os Estatutos da CRUE, facendo vinculantes os acordos. No caso de incumprimento, as universidades serían expulsadas da CRUE. Só dúas universidades privadas en contra, e unha delas manifestou que ía acatar a decisión. O acordo, explica o reitor, aplícase ás titulacións do catálogo actual, pódense establecer títulos de tres anos cando son totalmente novos, no caso de aplicarse a titulacións xa existentes, tomaríase a medida da expulsión. Cando existan dúbidas, se delega na comisión para o análise de contidos e atribución profesionais. En relación coas noticias aparecidas na prensa, indica que as universidades catalás van na liña de ofertar títulos novos de tres anos, ligados a procesos de internacionalización.

Outra das medidas acordadas foi a solicitude ao Ministerio de Educación, Cultura y Deporte dunha prórroga das PAU para o curso 2016/17, e que, sorprendentemente, foi rexeitada, tendo en conta que non está aínda definida a reválida de 2º bacharelato, o máis lóxico era a moratoria. Recalcou que se non se derroga a Lomce, o obxectivo inmediato é traballar para que a súa aplicación non sexa un prexuízo para o alumnado. Así teñen que teñen que estar concretadas antes de final de curso, para que os profesores poidan deseñar o itinerario en bacharelato e planificar o traballo, e para que os alumnos que se matriculen saiban os fíos a acadar. Non é admisible que cada Universidade faga a súa proba e que os alumnos deban superar a reválida e logo sucesivas selectividades para que poidan entrar na Universidade. Polo que se insisten en manter as reválidas de bacharelato, como probas de acceso á Universidade, teñen que ter homoxeneidade, homologación e garantías, como as actuais. Polo tanto, é unha esixencia que as universidades participen na elaboración e realización de ditas probas. O reitor destaca que o actual ministro en funcións parece máis negociador e próximo a aceptar estas propostas, e indica que este proceso vai ser presentado no Consello de Universidades.

Na parte final do seu informe, o reitor expón que a asemblea xeral da CRUE expresou unha crítica moi acendida pola política de refuxiados levada a cabo polo Goberno. Lembra que este Claustro aprobou unhas medidas específicas para acoller a estes refuxiados, ao igual que outras universidades e concellos, pero o Estado Español non está sendo activo, nin Europa en xeral. A Asemblea pediu que se tomara exemplo de Canadá, na que o primeiro ministro acudiu *in situ* ao encontro cos refuxiados, e axilizou os procedementos para a súa entrada no país.

### **Punto 3.- Emisión de informe preceptivo acerca do cambio de denominación de Enxeñaría Minas.**

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que tras a aprobación pola Xunta de Escola, foi recibida en Outubro de 2015 a solicitude de cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas pola de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A súa solicitude, que se achegou aos membros do Claustro, fundaméntase en dous argumentos:

- Por unha banda, a supresión de “Técnica Superior” do nome tradicional xustifícase plenamente trala incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de xeito similar ao xa realizado por outras escolas de enxeñaría da Universidade de Vigo e do resto do Estado.

- En canto á incorporación do termo “Enerxía” unificando no nome do Centro os conceptos “Minas e Enerxía”, baséase no recoñecemento das titulacións que imparte, que son: Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (titulación que capacita para a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico de Minas), Máster Universitario de Enxeñaría de Minas (que capacita para a profesión regulada de Enxeñeiro de Minas) e o Grao en Enxeñaría da Enerxía (que non capacita para profesión regulada).

Explica que unha modificación similar xa foi realizada por outras escolas de Minas do Estado, como a Universidade Politécnica de Madrid (a máis antiga a nivel nacional e escola de referencia na creación da de Vigo), a da Universidade de Cantabria, a de Oviedo (que inclúe tamén Materiais) etc.

Non habendo impedimento legal, e de acordo co que recolle o artigo 12 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Consello de Goberno na sesión de 21 de decembro de 2015 aprobou o inicio do correspondente expediente de cambio de denominación. Do mesmo xeito, prosegue, cumprindo coa nosa normativa, foi solicitado informe ao Consello Social acerca desta modificación, e o día 29 de decembro de 2015 o Pleno do Consello Social emitiu informe favorable ao cambio de denominación.

O antedito artigo dos Estatutos indica que o expediente debe ser exposto para información da comunidade universitaria durante, polo menos, un mes. Polo que se abriu un período de exposición pública para alegacións da comunidade universitaria, entre o 20 de decembro e o 25 de febreiro.

Continúa expoñendo que o día 24 de febreiro foi presentada unha alegación da Escola de Enxeñaría Industrial, que tamén foi achegada coa documentación, na que o director traslada o acordo tomado pola Xunta de Escola o día 5 de febreiro plasmado en dous puntos:

- 1.- Apoiar a postura contraria á modificación da denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, postura expresada polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia e o Colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (e achegan escritos nos que se recollen ditas posturas).
- 2.- Suxerir a denominación alternativa “Escola de Enxeñaría de Minas e Recursos Enerxéticos”.

Indica tamén a secretaria xeral que, durante o período de exposición á comunidade universitaria, recibíronse os escritos dos Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, así como os de outros colexios profesionais e particulares ata un total de 29 alegacións, todas elas idénticas á do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais. Estas alegacións, por tratarse de persoas e entidades alleas á comunidade universitaria non deben ser consideradas. Tamén, pero xa fóra de prazo, recibíronse outros escritos en contra do cambio de denominación, cun contido coincidente na súa totalidade co as alegacións que foron remitidas coa convocatoria.

Pasa a continuación a secretaria xeral a resumir as bases de ditas alegacións.

En primeiro lugar indican que o nome do centro ha de reflectir o perfil profesional dos titulados que se forman en cada nel, especialmente no caso de profesións reguladas, ante a necesidade de evitar a confusión, polo que presenza do termo “Enerxía” no nome pode inducir a confusión, xa que non existe ningunha titulación regulada que conteña esa denominación.

E que esa inclusión parece implicar unha exclusividade nas competencias de Enerxía, o que non é certo xa que na Escola de Enxeñaría Industrial se imparten titulacións relacionadas con este ámbito (Máster en Enerxía e Sostibilidade, Máster en enxeñaría Térmica e Programa Oficial de Doutoramento en Eficiencia Enerxética e Sostibilidade en enxeñaría e Arquitectura).

Engaden tamén que son os graduados de Enxeñaría na Rama Industrial os que teñen asignadas atribucións profesionais no ámbito da Enerxía, segundo a Lei 12/86 de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos.

Prosegue explicando que todas estas alegacións foron remitidas á Escola Técnica Superior de Minas para a súa consideración, e en resposta das mesmas, a dirección do centro remitiu dous escritos, que tamén

fóron achegados coa convocatoria desta sesión. Estes documentos conteñen distintos enlaces e informacións, que rebaten as alegacións presentadas que pasa a resumir:

1.- O acordo da Xunta de Escola da EEI no que se aproba a alegación, tivo un escaso respaldo, polo que pode considerarse pouco representativo.

2.- Respecto ao feito de que a denominación das Escolas deba reflectir o perfil profesional dos titulados que se forman en cada una delas, especialmente no caso de profesións reguladas, ante a necesidade de evitar a confusión:

- Indican que a propia EEI ten títulos que capacitan para profesión regulada, e outros que non, independentemente de estar recollidos ou non no nome da Escola.

- En canto a ETSE de Minas, na súa páxina web especificase con claridade cales dos títulos que se imparten capacitan para profesión regulada e cal non, o que desbota a posible confusión que se alega.

3.- En canto as competencias profesionais no campo da enerxía, presentan unha serie de escritos da Consello Galego da Competencia, outro da Comisión Nacional de la Competencia, con aclaracións ao respecto. Pero, lembra a secretaria xeral que non corresponde a este Claustro valorar que profesionais teñen competencias en enerxía ou non. E subliña, que, en calquera caso, as competencias profesionais derivan das titulacións, non da denominación dos Centros que as imparten.

Lembra tamén a secretaria xeral que a normativa actual, tanto o RD 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, como a propia LOU, indican que a denominación dos títulos deben ser acordes co seu contido, e non deben conducir a confusión aos alumnos que se matriculen neles sobre o seu nivel ou efectos académicos nin sobre os seus efectos profesionais. Pero as normas non recollen limitacións en relación coa denominación do centro, mais aló do recollido no Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios que impón condicións tan só a nivel de definición do propio centro, é dicir, que é un instituto, unha facultade, unha escola, etc.

Resume a súa exposición a secretaria xeral indicando que a solicitude da ETSE de Minas cumpre con todos os requirimentos da nosa normativa, e a súa solicitude non presenta ningunha dificultade legal, e sigue a liña dos cambios anteriormente aprobados nesta Universidade e noutras universidades españolas. Polo tanto, proponse ao Claustro a emisión dun informe favorable ao cambio de denominación.

Finalizada a presentación do punto, o reitor cede a palabra á directora da ETSE de Minas, dona Natalia Caparrini, quen agradece á invitación a participar e a exposición realizada do proceso e da documentación achegada, que considera suficientemente clara. Solicita o apoio do Claustro para o cambio de denominación que se solicita: de Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, que é a actual, á de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía; e insiste novamente en que as competencias profesionais veñen ditadas polas titulacións que se imparten, no polo nome do centro.

Pregunta o reitor se algunha das persoas que asinaron a alegación presentada desexa intervir e, ao non haber solicitudes, pasa a abrir unha quenda de intervencións. Tampouco hai participacións nesta rolda, polo que propón que se proceda á votación.

Intervén o profesor José Luis Diéguez Quintas, da Escola de Enxeñaría Industrial, para preguntar que votación se vai realizar, xa que opina que hai dúas opcións de denominación, a inicial do centro e a formulada pola EEI.

Reponde a secretaria xeral que o Claustro debe emitir un informe en relación coa proposta que realiza a ETS de Minas, non para propoñer unha nova denominación. Polo tanto, a votación que se vai realizar é se se emite informe favorable á solicitude presentada polo centro de cambiar a súa denominación de Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, que é a actual, á de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.



Intervén dona Bettiana Hidalgo para expoñer a dúbida que xurde de se os alumnos que se van matricular nese centro creen que van ser enxeñeiros de enerxía e van ter esas competencias. Se é certo, coincide en que ese nome no centro é correcto, pero se cando rematen os seus estudos non van poder asinar proxectos, sentiría que iso era un engano.

Responde o reitor que ese centro imparte dúas titulación de Grao, o de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (con atribucións profesionais) e o Grao en Enxeñaría da Enerxía. Polo que a denominación nova que queren poñerlle á Escola reflicta as dúas titulacións. Pero é certo que o Grao en Enxeñaría da Enerxía non ten atribucións profesionais, e que so os enxeñeiros industriais son os que as teñen recoñecidas, e que están copadas polo seu colexio profesional, unha institución que xa non existe noutros países. Pero non é iso do que se está a tratar. Estamos tratando da denominación do centro e que de que no catálogo de centros a palabra enerxía estea recollida nun centro da Universidade de Vigo. E non se está a realizar nada ilegal. A teórica confusión se produciría no momento de implantar a titulación. Pero se a titulación existe, xa dende hai seis anos, e se imparte nese centro, que problema hai?

Engade a secretaria xeral que para aclarar as dúbidas acerca de se un enxeñeiro de enerxía pode asinar proxectos ou non, recomenda a lectura dos documentos que se achegaron coa convocatoria. Pero, insiste, non é iso do que se está a tratar agora.

Realízase a votación para a emisión do informe favorable ao cambio de denominación de Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas á de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Acadándose 53 votos favorables, 3 en contra e 24 abstencións. Apróbbase.

Finalizado este punto, o reitor establece un período de 15 minutos para que as persoas que aínda non votaron o poidan facer.

#### **Punto 4.- Elección do Defensor Universitario.**

Finalizado o recuento, o reitor dá conta dos resultados:

O candidato, D. Argimiro Rojo Salgado, precisa unha maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión. Hai 106 asistentes, polo que precisa 71 votos. Votos obtidos: 88 votos + 5 en branco, polo que queda proclamado o candidato como Defensor Universitario.

#### **Punto 5.- Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:**

- a. Sector PDI-A: 2**
- b. Sector PDI-B: 2**

Tras o recuento de votos, acadáronse os seguintes resultados:

##### Sector PDI-A

- Coral del Rio Otero 37
- Francisco Jesús Rey Losada 40
- Votos en branco: 2

Dado que os candidatos precisan a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión do seu sector, xa que hai 51 PDI-A asistentes, precisaríanse 34 votos. De xeito que quedan elixidos os dous candidatos.

##### Sector PDI-B

- Maruxa Álvarez Jiménez 1
- Xoán Manuel Garrido Vilariño 2

- Miguel González Loureiro 2

Os candidatos precisan a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes, que son 4 PDI-A asistentes, polo que precisan 3 votos. Polo tanto, non queda elixido ningún non acadan respaldo, polo que quedan ambos postos vacantes.

#### **Punto 6.- Elección de 2 representantes do alumnado na Mesa do Claustro.**

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Adrián Blanco García
- Alexandre Louzao Carreira

Xa que hai o mesmo número de candidaturas que de postos a cubrir, non é preciso celebrar votacións e ambos candidatos quedan proclamados representantes na Mesa do Claustro.

#### **Punto 7.- Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:**

**a. Sector Decanos/Directores: 2**

**b. Sector Estudiantes: 8**

Resultado do reconto:

Sector Decanos/Directores

- Natalia Caparrini Marín .....22
- Santiago Gómez Fraiz .....30
- Jesús Manuel Míguez Miramontes.....16
- Votos en branco 11 ; Votos nulos 1

As persoas elixidas foron: D. Santiago Gómez Fraiz, decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e dona Natalia Caparrini Marín, directora da E.T.S. de Enxeñaría de Minas

No sector estudantes, diante da retirada de José Angel Álvarez Moreira todos os candidatos quedan proclamados:

- Victor Barbosa Losada
- Tomás Díaz Casaleiro
- Bettiana Marcela Hidalgo Robatto
- Beatriz López Puga
- Andrea López Rodríguez
- Paula Rivera González
- Diego Rodríguez Varela
- Ernesto Vázquez-Rey Farto

Que se incorporarán ao próximo Consello de Goberno.

#### **Punto 8.- Elección de 1 representante do PAS na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.**

Presentouse só unha candidatura, polo que non é preciso celebrar votacións e queda proclamado o candidato D. Xoán Cebro Rodríguez, que se incorpora á CEME a partir da seguinte sesión.

#### **Punto 9.- Elección de 3 representantes do alumnado na Comisión Electoral:**

Presentáronse tres candidaturas, polo que non é preciso realizar a votación e quedan proclamados os candidatos:

- Jenifer Álvarez Zurbano
- Ernesto Vázquez-Rey Farto

#### **Punto 10.- Elección dos seguintes representantes da Comisión de Plans Estratéxicos:**

##### **- Sector PDI-A: 2 representantes**

Presentouse só unha candidatura: Enrique Barreiro Alonso

##### **- Sector estudantes: 1 representante**

Presentouse só unha candidatura: Paula Rivera González

Non é preciso realizar votacións en ningún dos sectores, xa que o número de candidaturas non supera o número de postos a cubrir, de xeito que quedan proclamados os representantes anteriormente citados.

#### **Punto 11.- Rogos e preguntas.**

Ábrese unha rolda de intervencións, na que solicitan intervir D. Miguel Cuevas, D. Xan Cebro, dona Beatriz López, D. Tomás Díaz, D. Jose Ángel Álvarez Moreira, D. Enrique Barreiro e D. Enríque Macias.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Álvarez Moreira, quen indica que vai presentar dous rogos e cinco preguntas cortas e unha longa, dando lectura a un escrito que se acompaña a esta acta (**Anexo I**).

Responde o reitor que, con respecto a todo o que ten que ver coa obrigatoriedade da avaliación continua, é unha cuestión sobre a que o Sr. Álvarez Moreira ten a súa opinión persoal e se trata dun tema sobre o que se pode establecer un debate profundo. Engade que a vicerreitora de Estudantes reuniuse con el para tratar algúns dos puntos que formulou na súa intervención, pero se considera preciso continuar as reunións, non só para responder cuestións, senón para debater sobre os conceptos, poderá continuarse a reunión. E, en relación coa afirmación realizada, aclara o reitor que si que houbo persoas desta Universidade no panel de expertos que participaron no proceso de elaboración do Plan Bolonia.

En relación coa elaboración dunha lista de correos para os estudantes, estase a valorar a súa creación, xa que se pretende que sexa o máis sinxela e eficaz posible.

Intervén o profesor Barreiro para formular dous rogos. O primeiro é se é posible coñecer e que se faga público o tamaño medio de grupo final de cada centro, os datos que se empregan no cálculo, así como o resultado do TMG despois da negociación. O segundo rogo ten que ver coa plataforma FAITIC, pide que se analice por parte do Equipo de Goberno se non é o momento de retirar dita plataforma tal como a empregamos. Considera que estivo moi ben hai anos, pero non é comparable con outras plataformas de e-learning que se empregan noutras partes.

Responde o reitor ao último rogo, indicando que se analizará o emprego da plataforma, para o que confía contar coa súa colaboración. Dálle paso á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para que responda ao primeiro.

A vicerreitora indica que o TMG se pode coñecer, de feito está na documentación que se achegou ao Consello de Goberno e vai estar publicado, pero non pode asegurar se o está xa actualmente. Engade que

a propia normativa de PDA recolle que a COAP é a que analiza as situacións que poden quedar fóra da norma naqueles casos que se podan cubrir con persoal permanente. Existe negociación e pódense realizar excepcións e, insiste, así o recolle a propia norma, cando non supoña contratación de persoal. Pode haber algún caso no que sexa precisa contratación, porque, por exemplo, se dá o caso de optativas con moi pouco alumnado. O que é necesario é que todo o alumnado reciba clase. Naquelas titulacións con poucos alumnos e alumnas, o TMG non é representativo. Reitera que os valores para cada centro van estar publicados, senón o están xa.

O reitor cede a palabra ao Sr. Cebro Rodríguez, que quere formular tres cuestións. Comeza expoñendo a sorpresa que lle causou hai uns días un cartel na Escola de Enxeñaría Forestal, que anunciaba que, debido a problemas orzamentarios, non se podía alugar un autobús para transportar ao alumnado para realizar as prácticas de campo, polo que os alumnos debían ir no seu propio coche ou co profesor ou o técnico de laboratorio. Pregunta que sucedería no caso dun accidente. Por outra banda, engade, os alumnos están pagando as matrículas para estas prácticas, xa que precisamente por estas partes prácticas os estudos técnicos teñen unha matrícula máis elevada. Solicita que se indague a causa desa situación. Tamén pide que se pinte a Escola de Forestais, considera que o aspecto do edificio pode afectar á percepción dos alumnos, nunha titulación na que xa son difíciles de captar.

Noutra orde de cousas, lembra que hai dous anos se produciu a renovación da Xunta de Persoal, Xunta de PDI e comités de Empresa. Como consecuencia, renováronse todas as comisións nas que están presentes. Refíre que a Comisión de Prevención, que ten a obrigatoriedade de celebrar dúas reunións por ano, aínda non se constituí. Pero, non obstante recibiron unha notificación por correo electrónico, , na que se informa que, como as cotas de sinistralidade son moi baixas en accidentes laborais, a Seguridade Social nos devolve cartos polo que hai que acordar a distribución (algo que só afecta ao PAS, xa que o PDI non está en clases pasivas), e se nos insta a asinar o documento, rematando hoxe o prazo. Solicita que se estude o por que non está constituída a Comisión e se teña en conta que hoxe está en Ourense, polo que non vai poder asinar, non vaia ser que a Universidade perda os cartos, comenta.

En terceiro lugar, o Sr. Cebro dirixese ao reitor e indica que como é sabido, están no proceso de negociación RPT, e pregunta se lle trasladaron unha petición por parte da Xerencia de sacar concurso dúas prazas polas necesidades da Universidade de Control Interno e Asesoría Xurídica. Expón que non se entende que saian só estas prazas habendo máis prazas vacantes pendentes de saír. Aínda así, a Xunta de Persoal sendo consciente desa situación, deu solucións e achegou ideas de que se puidera facer unha convocatoria. Di que teñen unha reunión o día trece co xerente, no que seguramente só lles van explicar o que son as funcións, e eles, a partir de aí, van presentar unha proposta de RPT. Solicita que haxa bo clima de diálogo por ambas partes.

E cando se refíre a bo clima, quere realizar unha reflexión. Di que el como presidente e a secretaria da Xunta PAS son danos colaterais segundo o vixerente. Menciona que o ano pasado se devolveron as axudas de custo das reunións, que era unha cantidade ínfima de 340 euros, e están dando voltas. Explica que falou co xerente, que lle explicou a situación, que había billetes de autobús. Mandou un escrito sen pasar por rexistro, pero llo devolven. Enviou un escrito por rexistro, por outubro ou novembro. E llo devolveron este ano sen pagar. Onte outra vez. Di que non quere ir aos tribunais por acoso sindical na Universidade de Vigo. Engade que á secretaria se lle está facendo o mesmo. Opina que a ningún órgano de representación nin a ningunha persoa se lle pon problemas en asuntos económicos, só a eles se lles pide xustificación, hasta para as súas reunións. Pero as presentan, e segue sen solucionarse, e así non se pode ter bo clima, que parece ser un tema persoal. Aclara que persoalmente non ten nada en contra do xerente nin contra o reitor, pero lembra que el é o presidente da Xunta PAS e ten unha función que realizar, como eles fan a súa. Non pode aceptar que se lle poñan dificultades.

O reitor manifesta a súa sorpresa polo exposto en relación coas prácticas de Enxeñaría Forestal, porque destaca que o centro ten unha dotación para realizar as prácticas. Lembra que o habitual é que, cando se realiza o calendario, todos os centros que teñen prácticas de campo fagan unha planificación e unha previsión para poder cubrir os gastos de desprazamento. Haberá que analizar cal é a razón, pode ser que o

profesor non o planificara a tempo. Trátase dun caso concreto que hai que considerar, pero, resalta o reitor, a Universidade ten un sistema para que os centros realicen as súas prácticas.

Con respecto da Comisión de Prevención, preguntará a Xerencia as causas polas que non se constituíu.

En relación coa negociación da RPT, agradece o clima que se está a establecer e as achegas para resolver ese caso urxente. Considera que se están a seguir os pasos correspondentes, neste momento recollendo as achegas que se presenten para elaborar o manual de funcións. Subliña que o seu interese é que participen todos, xa que este documento non é aínda a proposta definitiva, hai que ver ata onde se pode mellorar, dentro das limitacións que temos. Vanse dando os pasos para achegarse ao final. En relación co tema das axudas de custo, o reitor di que considera que se lles aplica o mesmo procedemento a todo o mundo, e o vai verificar. Destaca tamén que é necesario ter en conta que auditores de facenda son agora máis rigorosos e poñen máis dificultades nas xustificacións en todos os conceptos, cando anos atrás non era necesario explicar cal era a causa dun determinado desprazamento. Considera que esa debe ser a causa, a necesidade de xustificación que se lle pide a todos, pero verificará que se aplique o procedemento estándar.

A continuación cede a palabra ao profesor Cuevas Alonso. Expón que durante os últimos dous anos o Departamento de Lingua Española e a dirección que agora representa, viñeron sufrindo unha serie de acusacións vinculadas coa non concesión da condición de emérita a unha profesora xubilada de dito departamento. Estas acusacións, continua expoñendo, foron difundidas no Consello de Goberno, no Claustro, a través das listas de distribución e da prensa. Ditas acusacións se centraban en dous aspectos. Primeiro: a falta de capacidade do Departamento e do Consello de Goberno para valorar os méritos da candidata. Segundo: o carácter personalista e subxectivo do informe elaborado e consensuado pola maioría do departamento. Nelas, dábase a imaxe de que o informe tiña carácter misóxino, e estaba baseado en consideracións persoais e non nunha valoración profesional e académica. Subliña que se distorsiona o informe ao resaltar unha soa liña do texto, esquecendo os argumentos que se expoñen claramente ao longo de seis páxinas.

Prosegue explicando que con data de 20 abril 2016 o TSXG resolve en sentenza firme a favor da alegación da Universidade de Vigo contra dunha sentenza previa do xulgado do contencioso nº 2 de Ourense, que estimaba o recurso interposto pola profesora en cuestión. O profesor Cuevas Alonso expón que na sentenza, ademais de non aceptar o fundamento xurídico da resolución recorrida, afóndase nas acusacións vertidas contra o Departamento e deixa claro, en primeiro lugar, que o nomeamento como emérito do profesorado é unha facultade discrecional da Universidade, e antes de adoptar a decisión final, correspóndelle ao departamento pronunciarse sobre os servizos docentes e investigadores da candidata a fin de que poidan ser valorados como "destacados" ou non. En segundo lugar, destaca que no informe do Departamento se recollen abundantes apreciacións referidas unicamente á valía profesional e académica da candidata e a os seus méritos de investigación e docencia, polo que, aparte das consideracións persoais, queda claro que se descartaron os méritos destacados que a candidata debía reunir para ser nomeada profesora emérita.

Tendo en conta o antedito, o profesor Miguel Cuevas roga ao Sr. reitor que para restaurar o creto do Departamento de Lingua Española e de quen o dirixe se transmita esta información ao Consello de Goberno; que se publique o contido da sentenza nos mesmos medios nos que se fixéron as acusacións (lista de comunidade e lista de PDI); e que realice as xestións precisas para o Faro de Vigo e La Voz de Galicia o fagan tamén. Presenta o escrito para que se achegue a acta (**Anexo II**).

O reitor toma nota do rogo, pero indica que a sentenza é pública e que se dá conta nos órganos colexiados, como vén de facer o propio profesor, pero non podemos influír nos medios de comunicación. Comprende que cando nun medio aparece unha noticia que non é certa ou exacta e posteriormente se demostra a verdade, se esixa unha rectificacións pero, neste país, desafortunadamente isto non ocorre. Nós non temos influencia na prensa.

Intervén a continuación o Sr. Luis González Varela. Expón que se puxo en contacto co vicerreitor de Ourense para ver a posibilidade de que no prego de condicións dos restaurantes universitarios se introduza un menú vexetariano; petición que xurdiu dunha reunión con alumnos, tanto vexetarianos como de orixe estranxeiro, que por cuestións relixiosas teñan restricións alimenticias. E, ata o momento en que se renove o convenio, propón que a Universidade dite unha instrución para que estes establecementos vaian incluíndo dito menú.

Solicita á secretaria xeral que se habilite unha lista cos correos claustrais e dos membros do Consello de Goberno no correo público @uvigo.es para facilitar o contacto dos membros, xa que os alumnos teñen bastantes dificultades para conseguir os contactos.

Agradece a información ofrecida polo reitor en relación coa CRUE, tanto con respecto ao 3+2 como no tema da selectividade, pero amosa a súa preocupación, porque as universidades empezan a admitir as reválidas de segundo de bacharelato como proba de acceso á universidade, o que pode ser unha solución, pero os estudantes, as asociacións de pais e os institutos se manifestan en contra das reválidas. Solicita que as universidades consensúen cos institutos e as asociacións anteditas para buscar unha solución, xa que non considera lóxico que as universidades aposten por un modelo fronte o que os institutos se posición en contra. Di que nos institutos comezan a aparecer “obxectores de conciencia” contra das reválidas, o que é un problema se é a opción escollida para o acceso á universidade.

En relación á primeira solicitude, o menú vexetariano, di o reitor que lle parece unha magnífica proposta, e que a transmitirá ao vicexerente de Economía e Planificación e aos vicerreitores dos campus para que fagan esa recomendación aos concesionarios dos comedores en todos os campus, e despois integralo nos futuros pregos para as contratacións.

Con respecto da CRUE, aclara que as universidades queremos que se derogue a lei no seu conxunto, a pesar do cal se negocia co ministerio para evitar que, de non derogarse, a súa aplicación supoña un prexuízo grave para os estudantes de bacharelato, no sentido de que lles obrigaría a facer sucesivas probas. Pero, reitera, que esa non é a postura inicial da CRUE, e se o ministro vende este acordo coas universidades como un acordo en contra do ensino secundario, haberá que rectificalo. O que hai que considerar é que se o Goberno mantén a reválida, esta se realice coas garantías necesarias para que serva de acceso á universidade. Non aceptamos que sexa obrigatorio para obter o título de bacharelato, pero pode ser válido como proba de acceso. Proporá ao presidente da CRUE unha coordinación co ensino secundario para manter un discurso común.

Responde a secretaria xeral en relación coa lista de correos, di que somos conscientes desta necesidade, pero que a lei de protección de datos impón limitacións, polo que facer públicos os correos electrónicos dos membros do Claustro e de Consello de Goberno non é factible sen contar co seu consentimento. E sería necesario garantir que se vai utilizar para aqueles fins para o cal se habilita. Polo cal, estase a crear un espazo para os órganos colexiados no que se poidan intercomunicar os membros entre si doadamente, a través dunha clave, e os membros da comunidade poidan facer chegar as súas solicitudes directamente a través dunha caixa de correo. Dese xeito poderían solucionarse ambos contactos sen problema. Lamentablemente, está a levar máis tempo porque estamos limitados en medios, pero ese é o obxectivo.

Destaca o Sr. González Varela que o único problema o constitúen os estudantes, xa que o PDI ten os seus correos nas webs das facultades, os membros do Goberno, na web da Universidade. E considera absurdo que se teña que dirixir ao director para que lle pase o e-mail.

Responde a secretaria que no caso do PDI, hai consentimento en que aparezan os seus correos nas webs, polo que podería pedirse o consentimento dos alumnos para que aparecera o seu correo publicado, pero debe entenderse que a esas contas pode chegar calquera tipo de comunicación.

Intervén o Sr. Tomás Díaz para rogar ao equipo reitoral que se dea unha solución ao colectivo de estudantes de Enxeñaría Industrial e Dereito, para poder recuperar las materias extinguidas, xa que non se puideron acoller á Resolución reitoral do 15 de setembro de 2014. Manifesta a súa preocupación de non

poder rematar os seus estudos, a pesar de ter máis do 75% da carreira finalizada, como se recolle nas queixas número 03/16 e 07/16 que se presentaron ante o Tribunal de Garantías. Considera que están nunha situación de agravio comparativo cos estudantes doutras titulacións, nas que si se aplicou a RR. Tampouco axuda, engade, que a UVigo sexa a última das universidades galegas en extinguir ás súas titulacións, o cal lles impide acollerse ao convenio interuniversitario asinado entre as universidades galegas, polo que solicitan ao equipo reitoral que solucione este tema de maneira urgente.

Responde o reitor que está de acordo e é consciente das dificultades que tiveron, e ten entendido que a semana que vén teñen unha xuntanza para resolvelo.

A secretaria xeral lembra que xa se mantiveron distintas xuntanzas co equipo de dirección da EEI e se lles insistiu que as normas da Universidade son de aplicación en todos os centros. Eles expuxeron as excepcións que consideran que se aplican no seu caso. Di que tiñan unha xuntanza para esta semana, pero como o director está ausente, tivo que pospoñerse. Pero a semana próxima se celebrará dita reunión entre a dirección da EEI, a vicerreitora de Estudantes e a secretaria xeral, para intentar solucionar definitivamente estes temas.

O Sr. Tomás Díaz indica que a solución que se lles ofrece agora tampouco é moi acaída para a EEI, xa que hai moitas materias que non existen nos graos, só se imparten no máster de Enxeñaría Industrial. Polo cal, a eles particularmente non lles resulta unha medida acaída.

Responde a secretaria xeral que non coñece a totalidade dos casos, pero que agora teñen enriba da mesa outros que si se solucionarían con esa medida, ademais quérese tratar tamén o problema que xorde con algunhas materias que se converten en barreiras infranqueables. Na xuntanzas coa dirección intentará buscarse unha solución para eses outros casos.

Dona Beatriz López intervén na mesma liña, para manifestar a súa preocupación pola situación do colectivo de estudantes de Enxeñaría Industrial e Dereito, que non se puideron acoller á RR de 15 de setembro e que ao non poder recuperar as materias extinguidas, a pesar de ter máis do 75% dos seus estudos finalizados. Reitera que esta reclamación xa foi presentada diante do Tribunal de Garantías.

O reitor responde que, como se vén de dicir, estamos tentando solucionalo. Lembra aos centros que cando se aproba unha normativa, os centros poden estar de acordo ou non, pero se non se está, hai que debatelos no momento da elaboración das normas. Pero non opoñerse despois. Reitera que se está traballando e confía en que se adopten as medidas oportunas.

Recalca dona Beatriz López que hai licenciaturas como Empresariais que se extinguen este curso e que quedan dous meses, polo que é moi urgente.

Responde a secretaria xeral que nesa titulación é outra na que conflúen circunstancias como as que se mencionaron anteriormente. Informa de que xa se mantiveron reunións co novo equipo de dirección, e manifestaron unha actitude moi disposta a buscar a solución axeitada. Comenta que, neste caso, hai algúns casos que se resolverán sen dúbida a semana que vén, pero hai outros que non son tan claros, pero insiste que se está no camiño e buscando unha solución o máis urgente posible.

Cede o reitor a palabra a D. Enrique Macías, quen expón as dificultades de conciliación entre a vida laboral e familiar. Roga que se retome o proxecto de escola infantil no Campus de Vigo, xa que é o único campus que carece de tal servizo. A continuación realiza dúas reflexións. A primeira, en relación co resultado das eleccións a Claustro no ámbito de estudantes: chámalle moito a atención a cantidade de prazas vacantes. Expresa a súa opinión de que estamos vivindo nun ambiente moi individualista, polo que debería facerse visible a labor que realizan os estudantes e as estudantes nos órganos de representación. Débese promover nas facultades, facer campaña para potenciar a participación, para evitar que a Universidade teña cada vez menos representación do estudantado, o que supón un fracaso institucional. A segunda reflexión que realiza vai en paralelo coa anterior, ten que ver coa representatividade do PAS; estase nun momento de negociación colectiva, e parece que hai unhas cuestións nas que se nos pon o pé enriba á Xunta PAS. Considera que non se trata igual que a outros órganos de representación, e con esa

sensación de presión sobre o PAS Funcionario pódese chegar a perder parte da representatividade do PAS na Xunta PAS. Poño que retoma o que dixo Xan Cebro para que non se estenda esa sensación de presión, porque todos os que están nos órganos de representación fan un esforzo grande; e se notamos que non se apoia ese esforzo, queimamos e non hai renovación e faltará democracia nos órganos máis importantes da Universidade. De aí a súa reflexión, hai que facer algo para evitar ese ambiente, para que esa falta de representatividade non afecte á vida universitaria.

Agradece o reitor as súas reflexións e indica que se toma nota do rogo realizado. A Escola Infantil está aí, pero neste tempo tan difícil hai que establecer unha orde de prioridades. En relación coas reflexións, coincide coa preocupación de que non se cubran todas as prazas co Claustro, hai que lograr a visibilización a labor de representación. Apunta que coa aprobación da norma de recoñecemento curricular, comezouse a darse valor a esta labor dos representantes estudiantís. Considera que algo se fixo, pero que tal vez non sexa dabondo. Tentaremos fomentar a participación mediante campañas máis virais.

En relación coa segunda reflexión acerca dos PAS, manifesta que non é vontade nosa facer presión, todo o contrario. Teñen que ter claro que tanto o reitor como o Equipo de Goberno aprecian a labor dos órganos de representación do PAS, e os quere potenciar. É clave e estratéxico. Recolle que a sensación que teñen eles é distinta. E haberá que intentar mudala, con actitudes e feitos. Verase como lograr esa relación máis empática.

Dá paso o reitor a unha segunda rolda de intervencións que comeza o profesor Reigosa Roger. Indica que realizará unha reflexión que intentará formular como dúas preguntas e un rogo.

Indica que hai pouco que se recibiu con ledicia a noticia do cambio de postura do ministerio en relación coa selectividade. Pero sinala tamén certa tristeza por estes tempos difíciles, nos que se manifesta certa inquietude que se amosa contra certas institucións públicas. A ledicia vén de que algo que funcionaba ben, como era a selectividade, cando menos parece que vai ter un ano máis. A pregunta é se se trata dunha conquista de futuro ou so para un ano máis.

En relación coa estrutura 3+2. Expón que a idea do EE de Educación Superior xurdiu cunha serie de inquedañas; unha das cales era a harmonización dos títulos para que os estudantes poidan moverse libremente entre estados. Nese sentido, pensa que a estrutura 3+2 era a máis acaída, xa que era o máis común. Pero aínda que o Goberno se acolla a isto, para dar liberdade ás universidades para que fagan o que queiran. Cre que ao final non enganar e ten máis que ver coa demonización da Universidade. Se recollemos o que diu os responsables na preusa, eles si teñen acceso, engade, vemos que se afirma que hai demasiados universitarios. Entende que se non é quen de poñer en marcha unha industria que precise xente ben formada, claro que sobran. Pero se apostas por unha sociedade na que só medre o turismo, para que haxa máis emprego en hostalaría, pois claro que sobran. Pero a sociedade sempre debe estar ben formada, polo que non sobran. Tamén se di que sobran universidades. Claro, tendo en conta o anterior, é lóxico. Parece que se considera un luxo, tantos campus, tantas facultades. Tamén se di na prensa que a Universidade non está a funcionar e se aproveita calquera cousa: se sae á prensa que non é obrigatorio ir a clase, sae un político dicindo que a Universidade non funciona porque os alumnos non van a clase e engade que tampouco os profesores. E, prosegue, despois está a soniquete de que se mudamos do 4+1 ao 3+2 estase a dar máis por menos, xa que se transmite que un grao de 3 anos é máis barato que un de catro. Pero a formación non vai ser igual, engade. Finaliza dicindo que, na súa opinión, volverá o 3+2 pero que hai que apostar para que non supoña un custe superior. Considera que se deben manter os prezos do máster igual que no grao, non atopa razón para o encarecemento, salvo que se pretenda que o máster quede para as elites e o grao para a maioría, e que probablemente non será suficiente para un mercado laboral tan complexo e competitivo. A pregunta vai por se esta moratoria da CRUE, cando remate, significará que se abre a espita e cada un vai por libre. E o rogo é que vaíamos preparándonos para iso e que estudiemos o que nos convén á cidade, á Universidade e ao alumnado. Finaliza dicindo que debemos ser quen de explicar á sociedade o que implica o encarecemento dos másters e a retirada dos estudantes que queren e poden destes estudos de máster, quedando cuns estudos máis curtos.



Responde o reitor agradecendo ás súas reflexións, que comparte. En relación coa negociación que se estableceu con respecto ás probas de acceso, busca non só unha solución para este ano, senón que se trata de que prima o concepto de proba e acceso á Universidade, non de selectividade, non de elitismo. E para que sexa equitativo e homoxéneo debe participar a Universidade.

En relación coa segunda cuestión, o 3+2, indica o reitor que a CRUE ten unha folla da ruta. Explica que nas asembleas da CRUE el insistía en adiantarse aos políticos e promoveron un decálogo case político, para que o Goberno que vén teña un texto no que se exprese o que queren as universidades. En relación con esa folla de ruta, indica que o primeiro é a moratoria deste curso; a continuación, as conferencias de decanos e os colexios profesionais se reúna cos axentes socias para formular que estrutura é a máis acaída para acadar as competencias profesionais das titulacións. E que non nos fagan o de Bolonia, que baixamos os títulos de 5 a 4 de xeito economicista. Se decidimos, academicamente, que un título ten que ser 3+2 para acadar a formación e capacitación precisa, ten que ser ao mesmo prezo público. Isto é o que se quere, pero hai que poñer en marcha os servizos xurídicos para poder legislar ao respecto. Por temos que axilizar tempos, somos lentos xa que somos moitos e moi distintos, e moi asemblearios. Por iso fronte a un Goberno que quere machucar o prestixio das universidades, iso é un hándicap. Por iso que temos que aproveitar este lapso de tempo sen goberno para adiantarnos.

Intervén dona Adela Sánchez Moreira, quen desexa facer unhas matizacións e unha reflexión. Comeza indicando que os escrito mencionado anteriormente non está asinado polos PDI funcionarios pero si polo PDI laboral. Chegou a notificación de que remataba hoxe o prazo e explica que ela enviou un correo electrónico indicando que algúns que figuraban eran representantes do comité anterior que había que convocalos porque algúns non poden asinar, pero non recibiron resposta.

A segunda matización é con respecto ao que solicitaban os estudantes da habilitación dunha lista para as comunicacións. Indica que hai programas específico, e que xa os teñen outras universidades e moitas empresas tamén, no que picas sobre o nome e se abre unha caixiña de correo no que se pode enviar a mensaxe, pero en ningún momento o remitente ve a dirección de correo do destinatario. Poderíase usar unha solución así, para que estivera protexidas as contas.

En terceiro lugar desexa facer unha reflexión, en relación coas preocupacións transmitidas ao reitor por todos os sindicatos de PDI-L ao principio de curso polo funcionamento da mesa de negociación. Non produciu efecto, engade, polo que continúa un desencontro cuxa máxima expresión foi a aprobación no Consello de Goberno das normativas de Dedicación do profesorado e de Recoñecementos docentes. Consideran todos os sindicatos que non foi negociado, que esta mala negociación levou incluso a que varios sindicatos se levantaran da mesa. Polo que solicitan de novo que haxa negociación clara na mesa sindical. Subliña que agora estamos nunha negociación importante, que é a das prazas de PDI, que teñen que saír aprobadas. Quere manifestar a súa preocupación e a esperanza de que se leve a cabo a negociación.

Responde o reitor que, tralo Consello de Goberno no que se produciu o desencontro, houbo a oportunidade de reunirse con algúns dos sindicatos para analizar o acontecido e corraxir o funcionamento da mesa sindical, facendo o posible para evitar os malentendidos que se produciran anteriormente.

Responde a secretaria xeral que, en relación á posibilidade do programa que apunta, caben dúas posibilidades: adquirilo, o que supón unha dificultade económica. Pero, ademais os programas comerciais son propostas moi pechadas que logo se amosan limitados. A outra posibilidade é o desenvolvemento propio, no que temos limitación de persoal. Pero o que se está a deseñar e unha solución similar ao descrito, no que se pulsa e aparece unha caixa de correo. Xa está descñada, preo vai lento pola cantidade de aplicativos que se están a desenvolver.

Pregunta a profesora Adela Sánchez que sindicatos se reuniron e de quen foi a decisión de chamalos.

Responde o reitor que se chamaron a petición dos propios sindicatos. Di que despois desa reunión houbo outra a petición dos sindicatos sobre como mellorar o funcionamento da mesa. Cédelle a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, para que dea máis detalles.

A vicerreitora indica que foi por unha reunión que se celebrou a petición da Xunta de PDI e tivo lugar con todos os sindicatos dos funcionarios, estaban todos presentes. Explica que non lembra a data pero tivo lugar entre aquela mesa na que se levantaron e as dúas mesas posteriores.

Pregunta a profesora Adela Sánchez cantas mesas se celebraron e responde a vicerreitora que houbo tres, aínda que a profesora Sánchez asistiu a dúas. Prosigue dicindo que houbo xa tres mesas de negociación (a que se levantaron e dúas adicionais), explica a vicerreitora que non quere entrar en discutir cantas mesas ten que haber para que exista negociación. Cre que non se debe volver atrás sobre unha cuestión que está convencida de que foi un malentendido. Para o seguinte documento que se aprobou no CG houbo ata tres mesas de negociación e cre que todos están convencidos de que si houbo negociación. Finaliza indicando que o próximo xoves haberá unha primeira reunión polo tema das prazas, que é un tema que preocupa a todos. Poderá haber acordo ou non, pero o que non vai volver a suceder é o malentendido anterior.

O reitor aclara que, en canto se recibiu o escrito sobre o funcionamento da mesa, nos preocupamos, polo que se falou de como mellorar o funcionamento da mesa e atendeuse esa petición da Xunta PDI.

Toma a palabra o Sr. Antonio Serrano, quen fai referencia ao exposto polo reitor, en relación coa loita conceptual. Opina que os estudantes están preocupados pola estrutura dos estudos, pero que existe un alto nivel de desinformación, polo que considera que se debería dar información, pero non só a nivel de órganos colexiados, senón a nivel Universidade, organizando mesas redondas para explicar que se está a facer en este tema.

A súa segunda intervención garda relación coa solicitude feita por Luis González Varela. Explica que é celíaco e quere trasladar a situación dos que comparten esa condición. No comedor non teñen ningún menú específico para celíacos e aínda que pode pedir algo alternativo, por exemplo á plancha, hai que esperar bastante, e cos horarios que teñen os estudantes agora non teñen tempo. E se son varios días á semana, acaban tomando sempre o mesmo. Tal vez noutros campus poidan ir a casa a comer, pero en Vigo non é posible. Indica que, se ben non seu caso o grao de celiaquía é leve, noutros a intolerancia é moito maior, polo que a reacción pode ser moi grave. Explica que xa falou co decano, e que podería facilitarse que unha cadea con menús especiais para celíacos se instalase no campus, pero recoñece que iso sería para outro ano. Indica que hai distintas alternativas, habería que solicitar axuda á Asociación de Celíacos, que poñen a disposición freidoras e instrumentos, xa que están ao servizo do cidadán. Finaliza explicando que é un problema que está afectando bastante, de feito iniciarán un proceso de recollida de sinaturas que, aínda que finalmente non puido entregalas, este colectivo ten peso na Universidade.

O reitor agradece á intervención e, en relación co primeiro punto, responde que teñen toda a disposición do propio reitor e do Equipo de Goberno para buscar mecanismo para difundir máis a información do que está a suceder, e amosa a súa disposición para facer as mesas redondas que consideren. Pero, engade o reitor, precisamos establecer vehículos de comunicación, porque se informa no Claustro, e no Consello de Goberno que se celebra todos os meses, pero é necesario que os representantes do estudantado axuden a trasladar a información, polo que todas as ideas que se propoñan con este fin, serán apoiadas.

En relación coa segunda cuestión, o reitor sinala que trala intervención de Luis González, xa interiorizara a idea de facer recomendacións para que se formulen alternativas para aquelas persoas con necesidades alimenticias especiais: vexetarianos, celíacos, persoas con intolerancias a outros alimentos etc. Que se ofrezan dietas diferenciadas, menús alternativos. Este requirimento incluírase nos concursos futuros para a contratación dos servizos de comedor, pero podemos facer unha recomendación xenérica agora aos que teñen as concesións, para ver en que medida poden facer unha adaptación dentro do acordo de concesión que teñen actualmente, non os podemos obrigar. A nivel de cada facultade, que é onde se detectan as necesidades, se ben os decanos non teñen competencias, pero poden realizar unha acción máis directa, facendo suxestións ou insistindo para que se leven a cabo.

O Sr. Antonio Serrano considera que no caso da celiacía, en principio, non entra en conflito coa dieta habitual, pero precisa unha separación dos alimentos durante a preparación, polo que nin sequera sería preciso un menú especial. Todo o que está contido no menú podería ser aceptable se non estivera contaminado.

Intervén o Sr. Álvarez Moreira para realizar unha aclaración acerca da aplicación do artigo 23 da Lei de procedemento administrativo, polo que a misión do presidente do órgano de goberno é velar polo cumprimento da norma, non da interpretación. Realiza unha exposición acerca da avaliación continua, dando lectura a diversos artigos de normativas para reforzar a idea de que existen distintas posibilidades de realizar a avaliación continua, pero non se indica que deba ser obrigatoria e única, considera que isto é unha interpretación. Outra cuestión que considera interpretativa é a obriga que se establece de que os alumnos asistan a clase. Solicita que se indique onde se recolle nas normas.

Con respecto a cuestión formulada anteriormente, da creación dunha lista de información para os alumnos do Claustro, indica que pode tratarse dunha lista de distribución por correo electrónico ou tamén unha lista de distribución de whatsapp, que serve para enviar mensaxes, na que se podería enviar a convocatoria de Consello de Goberno ou de Claustro.

Responde a secretaria xeral ao comentado neste último punto. Indica que xa existe unha aplicación gratuíta, descargable para Android e iOS, o UVIGO! A través da cal poden recibirse todas as convocatorias, non só de Consello de Goberno e Claustro, senón de bolsas, actividades etc. É unha aplicación deseñada especificamente para a comunicación co alumnado. En relación coas listas, di que existe unha de alumnos, pero que antes os alumnos se incluían en canto se matriculaban, pero agora non. O que se pode facer é potenciala, como dixo o reitor. Polo tanto, as ferramentas existen.

Intervén o Sr. Cebro Rodríguez novamente en relación coa prácticas de campo, para insistir en que se realice unha investigación. Expón que falou coa administradora e asuntos económicos e dixeron que había cartos, e se as prácticas se propoñían fóra do prazo para a súa planificación, podíanse facer noutro día. Engade que este tema foi tratado na Xunta de Centro. O reitor repite que se investigará, preguntaremos e se solucionará.

En relación co tema da diferenza de trato coa Xunta PAS e, neste caso, personalizado. Explica que a diferenza de trato é que cando foi elixida a nova xunta de persoal, ao cabo dun mes, os administradores e xefes de servizo recibiron as horas sindicais á que tiñan dereito e preguntou se facíase así cos outros órganos, e ningún.

Cede a palabra o reitor a Luis González Varela, quen comeza indicando que a aplicación UVIGO! ten un funcionamento deficiente, para pasar a facer unha reflexión en torno da participación do alumnado nos órganos de goberno, nas eleccións ou nas cuestións da Universidade, di que sempre foi sempre baixa, é baixa e continuará a selo. Refíre que son diversas as condicións que o xustifican, como a asistencia a clase, o método Bolonia, baixos incentivos, desenvolvemento de materias de libre configuración etc. Pero tamén é preocupante a baixa participación do PDI e o PAS nos distintos órganos colexiados. Indica que o PAS ten unha representación bastante destacada en órganos a nivel Universidade: Claustros e Consello de Goberno, pero non nas Xuntas de Centro, onde é bastante baixa. Pero subliña especialmente a moi baixa presenza de PDI nas bancadas do Claustro, e mesmo se absteñen nas votacións, cando segundo a lei non poderían facelo.

A continuación comenta que a calidade non é só o que xustifica o desenvolvemento dos procedementos de calidade, senón que é algo máis e, polo tanto, insta ao Equipo de Goberno, en especial ao Sr. reitor, a que ao comezo de curso se leve a cabo unha mesa de negociación cos representantes dos estudantes para redactar un novo Regulamento de Estudantes e o novo Regulamento de Avaliación. Porque, prossegue, resulta evidente que a ausencia desta normativa é unha catástrofe a nivel de calidade e un claro incumprimento dos dereitos do estudiantado e dos Estatutos. E máis cando a comisión de elaboración dos novos Estatutos está funcionando, e se están chegando a acordos importantes.

Finalmente, intervén a favor dos compañeiros que están cursando licenciaturas e enxeñarías que se extinguen. Expón que cando se extinguiron ás titulacións antigas e se estableceron os cursos ponte para o paso aos graos, en algúns casos supuxeron un prexuízo para os estudantes, porque tiñan que cursar máis materias ou que repetir o traballo fin de carreira, pero tiñan a opción de acceder á mesma carreira que estiveran a estudar, non no nome, pero si en atribucións profesionais. Pero no caso da enxeñaría superior ou das licenciaturas, os alumnos que non poidan rematar, e seguro que hai algún que non poderá facelo, fai sufrir un agravio comparativo, porque non vai entrar no máster, que é a titulación equivalente á que están estudando, senón que van ter que entrar no grao, cursar varias materias no grao, realizar o traballo fin de grao e despois realizar o máster para poder acceder ás mesmas competencias. Por iso, nestes casos considera que a situación dos estudantes é moito peor. E a Universidade de Vigo debería intentar por todos os medios solucionar este agravio, aínda que non se poda en todos os casos, pero hai que intentar que sexan os menos posibles. E nese sentido, solicita do reitor que se habilite unha convocatoria extraordinaria para estes casos.

Responde o reitor, con respecto a esta solicitude final, que esta semana próxima analizaranse estes casos, e falará coa vicerreitora de Estudantes para ver ata onde se pode chegar e que medidas extraordinarias poden ser adoptadas. En relación coa segunda cuestión formulada, lembra que se pactou un calendario de traballo cos estudantes, no que o máis urxente era a Normativa de Permanencia, que xa está en marcha. Tamén se está abordando a parte do estudantado na redacción dos novos Estatutos, para comezar co Regulamento de Estudantes, no que traballaremos sobre un borrador que realizaron os representantes do estudantado e inmediatamente abordarase a Normativa de Avaliación e Cualificación. Esa foi a folla de ruta que se marcaron, lembra que se debateu se facer unha normativa de avaliación transitoria ou se agardaba á aprobación dos Estatutos, e acordouse solucionar os casos urxentes a través de resolucións reitorais ou medidas extraordinarias, e continuar de xeito organizado e programado.

Intervén novamente o Sr. González Varela para dicir que xa que a nova Normativa de Permanencia non se vai aprobar antes de que remate este curso, e tal vez non se aplique ata á metade do curso académico seguinte, lembra o compromiso do reitor de que non se expulsen estudantes pola aplicación da actual normativa.

O reitor garante que non vai haber problema por ese punto e que se seguirán tomando as medidas necesarias para que non sexa así, ata que teñamos a nova Normativa de Permanencia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:12 h do día 6 de maio de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor  
  
Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral  
  
Gloria Mª Pena Uris